

**CONFERENCIA DE
ASEMBLEAS LEGISLATIVAS
REGIONALES EUROPEAS
(CALRE)**

Declaración de Áquila

Áquila, 25-26 de noviembre de 2011

Os presidentes e as presidentas das asembleas lexislativas rexionais europeas que se citan a seguir:

- Consiglio regionale del Abruzzo (Italia)
- Consiglio regionale del Veneto
- Consiglio regionale del Trentino Alto Adige
- Consiglio regionale dell'Umbria
- Consiglio regionale della Puglia
- Consiglio regionale del Lazio
- Consiglio regionale della Lombardia
- Consiglio regionale della Liguria
- Consiglio regionale della Basilicata
- Consiglio regionale della Toscana
- Consiglio regionale della Sardegna
- Consiglio regionale della Liguria
- Consiglio regionale delle Marche
- Consiglio regionale do Friuli Venezia Giulia
- Asamblea de Extremadura
- Asamblea Regional de Murcia
- Cortes de Aragón
- Eusko Legebiltzarra - Parlamento Vasco
- Parlament de Catalunya
- Parlament de les Illes Balears
- Parlamento de Andalucía
- Parlamento de Canarias
- Parlamento de Galicia
- National Assembly for Wales
- Parlament der Deutschsprachige Gemeinschaft Belgiens
- Parlement de la Communauté Française de Belgique
- Parlement de la Région de Bruxelles-Capitale
- Parlement Wallon
- Vlaams Parlement
- Freistaat Bayern
- Rheinland-Pfalz
- Baden-Württemberg
- Kärntner Landtag
- Vorarlberger Landtag
- Niederösterreichischen Landtag

asistiron á XV sesión plenaria da CALRE, que se desenvolveu en Áquila o 25 e 26 de novembro, e acordaron adoptar a seguinte declaración:

DECLARACIÓN DE ÁQUILA

1. Introducción.

O Tratado de Lisboa constituíu un paso máis cara ao rexionalismo institucional. De feito, contén algunhas disposicións normativas que poderían retomar a idea da gobernanza multinivel, é dicir, a acción europea que ten como obxectivo implicar os órganos rexionais e locais na definición da actuación da Unión Europea, máis concretamente na fase inicial do proceso lexislativo desta.

En primeiro lugar, o segundo parágrafo do artigo 4 do Tratado considera a obriga da Unión Europea de respectar as identidades nacionais dos estados membros, inherentes ás súas estruturas fundamentais, tanto políticas como constitucionais, «tamén no referente á autonomía local e rexional».

En segundo lugar, o terceiro parágrafo do artigo 5 ofrece unha nova definición do principio de subsidiariedade de acordo coa cal, nos ámbitos que non sexan da súa competencia exclusiva, a Unión Europea actuará só no caso de que, e na medida en que, os obxectivos da acción pretendida non poidan ser acadados de maneira suficiente nin polos estados membros nin «a nivel rexional e local».

Finalmente, o mecanismo de alerta temperá para a supervisión do respecto do principio de subsidiariedade require que a Comisión realice amplas consultas, antes de propoñer un acto lexislativo, tendo en «conta a dimensión rexional e local das accións previstas» (artigo 2 do Protocolo n.º 2). Ademais, a participación parlamentaria rexional no proceso lexislativo da Unión Europea recoñécese de forma expresa cando se establece que cada parlamento nacional ou cada cámara dun parlamento nacional debería consultar, cando proceda, os parlamentos rexionais con competencias lexislativas (artigo 6 do Protocolo n.º 2). Neste punto, debería entenderse que a frase «cando proceda» fai referencia a aqueles casos que afecten as competencias ou intereses rexionais.

Desta forma, poderá reforzarse a idea proposta pola Comisión Europea en «Gobernanza Europea. Un Libro Branco (COM(2001) 428 def.)» sobre un novo método comunitario para o futuro, que implique as autoridades rexionais no proceso político da Unión Europea. Este novo «método» consistiría en lles permitir á Comisión Europea propoñer e implementar políticas, ao Consello e ao Parlamento europeos tomar decisións e ás autoridades nacionais e rexionais implicarse no proceso político da Unión Europea.

Estas disposicións normativas suxiren que o Tratado de Lisboa propuxo promover un novo modelo de responsabilidade e gobernanza compartido por todos os sistemas gobernamentais da Unión Europea, tanto centrais como rexionais e locais, de conformidade cos principios básicos de apertura, participación, responsabilidade, efectividade e coherencia.

Ao incluír as autoridades rexionais e locais, o sistema de gobernanza multinivel basearíase no principio de subsidiariedade –un pilar do mecanismo de poder compartido en ámbitos que non son competencia exclusiva da CE– e faría posible que as decisións se tomasen conforme o grao de proximidade coas comunidades territoriais e coa súa cidadanía.

2. Reforzo das relacións entre as asembleas lexislativas rexionais.

Polo ben da xente á que representan, os presidentes e as presidentas das asembleas lexislativas rexionais europeas confirman a súa vontade de reforzar a cooperación, co fin de aumentar o coñecemento recíproco, favorecer o intercambio de experiencias, iniciar proxectos de colaboración e desenvolver estratexias dirixidas ás comunidades rexionais para promover o crecemento dunha cultura europea.

Un coñecemento recíproco máis sólido sería útil para atopar similitudes e diferenzas entre as distintas realidades e permitiría ás asembleas lexislativas rexionais da Unión Europea representar ás instancias rexionais de forma máis eficaz ante as institucións europeas. Ademais, proporcionaría a base para unha acción máis coordinada da Conferencia, así como o trampolín para poñer en marcha acordos de cooperación nunha serie de ámbitos entre dúas ou máis rexións que se enfronten a problemas comúns.

Dando por sentado o respecto da autonomía de cada parlamento, sería conveniente que a CALRE se abraza cara a unha maior implicación das estruturas internas dos seus parlamentos, tales como os órganos especializados en asuntos europeos, nas súas actividades, e que se crease unha base de datos lexislativa a nivel europeo para intercambiar información sobre as fases inicial e final do proceso lexislativo europeo.

Para consolidar a cooperación entre as asembleas lexislativas rexionais, os presidentes e as presidentas resaltan a importancia das actividades dos grupos de traballo da CALRE sobre subsidiariedade, democracia electrónica, democracia rexional, federalismo económico e equilibrio entre as áreas rurais e urbanas. O seu traballo representa unha fonte significativa de reflexión, facilita a comprensión por parte das asembleas lexislativas rexionais dos principais asuntos compartidos e constitúe un momento crucial de síntese e intercambio, necesario para que os presidentes e as presidentas das asembleas rexionais europeas actúen de forma coordinada en Europa.

A CALRE desexa que se promovan e se poñan en práctica todas as iniciativas que faciliten o intercambio de información e datos relacionados con distintas cuestións (tales como datos socioeconómicos ou información relativa á participación das mulleres nas actividades políticas e, polo tanto, a calidade da democracia rexional). Co obxecto de mellorar as relacións entre os parlamentos e facilitar o contacto mutuo, a CALRE intercambiará máis datos e información acerca da composición, do orzamento e da estrutura interna dos seus membros. Estes datos, que serán accesibles para os parlamentos e o público en xeral, publicaranse na páxina web da CALRE.

3. Mellora das relacións entre as asociacións interrexionais europeas.

As asociacións rexionais europeas constitúen un universo heteroxéneo debido aos distintos intereses que as rexións apoian e representan.

Por esta razón, os presidentes e as presidentas da CALRE sinalan a necesidade de cooperar máis estreitamente con outras asociacións rexionais europeas en áreas de interese común, na medida en que isto permita aos seus parlamentos participar no proceso de toma de decisións de forma máis eficaz e crible.

Ademais, a CALRE expresa o seu desexo de manter e reforzar a iniciativa promovida polo Comité das Rexións, que ten como finalidade que os presidentes e as presidentas das asociacións europeas se reúnan e discutan co presidente da Comisión Europea os asuntos rexionais.

4. Actividades de desenvolvemento institucional e diálogo transnacional.

Non pode haber democracia sen unha asemblea lexislativa sólida que a sustente. Unha rexión forte democraticamente é, polo tanto, unha rexión cunha estrutura organizativa que inclúa unha asemblea electa, máis próxima ás peticións e necesidades da comunidade á que representa e capaz de constituír un lugar de debate sobre os asuntos que máis interesan á cidadanía.

A variedade de experiencias que alberga a CALRE –desde os *landtag* austríacos e alemáns ás máis recentes asembleas rexionais, como as belgas– pon de manifesto que o modelo institucional das rexións con competencias lexislativas foi capaz de cubrir as necesidades locais de forma eficaz e axeitada. Ademais, foi capaz de dar resposta ás necesidades dunha estrutura en constante cambio, a da Unión Europea, así como de producir efectos positivos no que respecta á gobernanza territorial.

A CALRE comprométese a seguir desenvolvendo o modelo institucional das asembleas lexislativas rexionais, que garante un mellor funcionamento da democracia e proporciona á gobernanza multinivel da Unión Europea unhas raíces territoriais máis fortes.

O acordo asinado en setembro de 2010 entre a CALRE e o Congreso de Autoridades Rexionais e Locais do Consello de Europa identificou a «promoción dun modelo institucional das rexións con competencias lexislativas en proxectos institucionais» como unha prioridade. Para tal fin, os presidentes e as presidentas da Conferencia de Asembleas Lexislativas Rexionais Europeas comprométese a dialogar con aquelas rexións da Unión Europea que non contan con este modelo de organización, así como con países que non pertencen á Unión Europea, con activos institucionais diferentes, co obxectivo de axudarlles a construír unha democracia rexional máis efectiva.

Por outra banda, os presidentes e as presidentas da CALRE sinalan que este diálogo só poderá ter consecuencias positivas para todas as rexións implicadas.

O coñecemento das distintas realidades enriquece a experiencia de todos os actores implicados, ofrece ideas para elaborar estratexias innovadoras e pode desencadear mecanismos socioeconómicos que, asemade, estimulen asociacións estratéxicas en distintos ámbitos.

Ademais, no marco de Europa, cuxas fronteiras están en constante evolución, o diálogo interrexional e transnacional pode contribuír a que as distintas realidades se acheguen e se integren.

5. A rede de subsidiariedade e o sistema de alerta temperá.

Canto máis alimente a cidadanía un sólido pensamento europeo, máis unida estará Europa desde o punto de vista político. Esta é a razón pola cal as decisións deben tomarse o máis preto posible da cidadanía.

O artigo 4 do Tratado de Lisboa, que entrou en vigor o 1 de decembro de 2009, establece que «a Unión respectará a igualdade dos estados membros (...), tamén no referente á autonomía rexional e local». O Protocolo sobre a aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade establece que «antes de propoñer un acto lexislativo, a Comisión procederá a amplas consultas. Estas consultas deberán ter en conta, cando proceda, a dimensión rexional e local das accións previstas» (artigo 2). Ademais, establece que «incumbirá a cada parlamento nacional ou a cada cámara dun parlamento nacional consultar, cando proceda, os parlamentos rexionais que posúan competencias lexislativas» (artigo 6).

Catorce anos despois da súa creación, os desafíos principais da CALRE seguen a ser a participación activa das asembleas lexislativas rexionais nos procesos decisorios da Unión Europea e o recoñecemento por parte desta do nivel lexislativo rexional como parte esencial das políticas europeas. Catorce anos despois da súa creación, a CALRE segue a traballar para defender o principio de subsidiariedade de forma adecuada no contexto de futuros debates da Unión Europea.

Neste sentido, o traballo preventivo resulta totalmente imprescindible. Polo tanto, para apoiar a contribución que o sistema rexional pode facer a nivel nacional e europeo, os presidentes e as presidentas da CALRE fan fincapé na necesidade de que as asembleas lexislativas rexionais da Unión Europea participen no sistema de alerta temperá, xunto cos parlamentos nacionais. Fan un chamamento ás asembleas nacionais a prol dunha maior implicación dos parlamentos rexionais, promovendo a súa participación e transmitindo ao nivel europeo as súas decisións e suxestións. Finalmente, destacan a necesidade de reforzar a participación das asembleas da CALRE na rede de subsidiariedade fundada polo Comité das Rexións e de promover o uso das ferramentas de avaliación da subsidiariedade proporcionadas por este, co fin de promover un constante intercambio de información, coñecemento e contactos. Os presidentes e as presidentas acollen con gran satisfacción o obxectivo do Comité das Rexións de establecer, no marco da rede do control da subsidiariedade, unha plataforma para os parlamentos rexionais con competencias lexislativas, para promover o intercambio de información, especialmente no contexto do sistema de alerta temperá.

Tendo en conta estas consideracións, sería recomendable pensar nunha implicación máis sistemática dos parlamentos rexionais no sistema de alerta temperá, especialmente se as propostas enviadas aos parlamentos nacionais tratan de cuestións que a Constitución atribúe ás competencias rexionais. Para tal fin, facemos un chamamento a que a Comisión Europea comparta a oportunidade de que a aplicación práctica dos parlamentos nacionais do sistema de

alerta temperá implique as asembleas lexislativas rexionais con competencias lexislativas de forma sistemática, converténdose desta forma nunha ferramenta que permita unha correcta aplicación do principio de subsidiariedade.

Esta contribución por parte dos parlamentos rexionais ao contido da lexislación europea debería ter lugar nunha fase moi temperá do procedemento de regulación da Unión Europea. A análise, previa ao sistema de alerta temperá, dos documentos redactados pola Comisión Europea (tales como libros verdes, libros brancos, comunicacións ou programas de traballo) sería especialmente útil de cara a identificar aquelas áreas de interese para os parlamentos rexionais no contexto da estratexia da Comisión Europea para o futuro.

Os presidentes e as presidentas da CALRE recordan que o denominado «procedemento Barroso» invita os parlamentos nacionais a establecer un diálogo político coa Comisión Europea durante o proceso de elaboración das políticas europeas e que a propia Comisión afirmou que «o control do mecanismo de subsidiariedade e o diálogo político representan dúas caras da mesma moeda, xa que o principio de subsidiariedade forma parte dunha relación política máis ampla entre a Comisión e os parlamentos nacionais». Neste proceso, nos ámbitos da súa competencia, os parlamentos rexionais pódennles proporcionar aos parlamentos nacionais e, consecuentemente, ás institucións europeas observacións útiles e comentarios, non só a través da avaliación do principio de subsidiariedade, senón tamén discutindo o contido da lexislación europea.

O noso desexo consiste en ampliar o ámbito de discusión aberto ás asembleas lexislativas rexionais, de xeito que se poida abordar non só calquera violación posible do principio de subsidiariedade, senón tamén do principio de proporcionalidade, de calquera medida proposta nos proxectos de regulamentación europea. Isto permitiría que tivese lugar un debate ao redor de se unha medida é ou non axeitada, ademais de proporcionar unha marxe suficiente para presentar suxestións ou modificacións ás devanditas medidas. A CALRE toma nota e acolle favorablemente o feito de que a Comisión Europea sexa cada vez máis consciente de que os parlamentos rexionais con competencias lexislativas tamén desempeñan un papel no proceso de toma de decisións europeo.

6. A CALRE e a nova política de cohesión da Unión Europea.

Os presidentes e as presidentas da CALRE conciben a política de cohesión europea como unha ferramenta necesaria para obter un crecemento intelixente, sostible e inclusivo, que sirva para acadar os obxectivos da Estratexia Europa 2020.

Á luz da decisión da Comisión Europea sobre o marco económico plurianual, os presidentes e as presidentas da CALRE consideran que a futura política de cohesión ten que incluír todas as rexións da Unión Europea de forma activa. Aínda que debe seguir sendo coherente coa súa misión, concentrando a axuda económica nos países e rexións máis pobres, tamén se debe garantir a axuda ás rexións que abandonan por primeira vez o obxectivo converxencia.

Os presidentes e as presidentas da CALRE desexan que a nova política de cohesión sexa coherente con outras políticas, ademais de facer posible que os mecanismos de aplicación sexan máis doados. Basicamente, apoian que se concentren os fondos en prioridades claras. Non

obstante, debe ser posible adaptar as prioridades ás necesidades concretas das rexións. Polo tanto, rexéitanse as normas estritas e vinculantes a nivel europeo neste ámbito.

Finalmente, a CALRE salienta o feito de que, no marco das actuais reformas da política de cohesión e á luz do principio das negociacións sobre o programa de fondos estruturais para despois de 2013, cómpre manter o diálogo cos parlamentos rexionais, tanto durante a fase preparatoria dos regulamentos como na fase de implementación da política de cohesión. Despois de todo, a avaliación das especificidades e necesidades territoriais só pode realizarse de forma correcta e axeitada a nivel rexional.

7. Conclusións.

A grande incerteza que caracteriza este momento concreto da historia mundial e europea require respostas apropiadas, inmediatas e eficaces por parte das estruturas políticas e institucionais a nivel rexional, nacional e supranacional, co fin de consolidar as perspectivas da recuperación económica e restablecer a confianza da cidadanía nas institucións. Pensemos na recesión económica ou na inmigración: ambas constitúen cuestións extremadamente urxentes.

Os estados membros da Unión Europea necesitan unhas finanzas públicas sólidas. Por este motivo, os presidentes e as presidentas da CALRE desexan que se constituía unha nova cultura de estabilidade, que teña en conta os parlamentos rexionais. As rexións europeas con competencias legislativas deben implicarse para conseguir unha maior eficiencia e racionalización do gasto público co fin de evitar un déficit orzamentario excesivo e de devolver a confianza e o progreso á zona euro.

Ademais, o contexto político e democrático actual nas fronteiras europeas representa un desafío histórico. A Unión Europea debe ser capaz de facerlle fronte con solucións e políticas innovadoras e efectivas baseadas na solidariedade. Solicitan que se consolide a política de veciñanza e que todos os actores a todos os niveis gobernamentais, incluídas a sociedade civil e as autoridades locais e rexionais, estean implicados nela.

Creado como un proxecto inclusivo, Europa demostrou ser quen de garantir a seguranza, a paz e a riqueza durante cincuenta anos. Agora debe ser quen de solucionar a contradición entre o que pode facer e o que a súa cidadanía agarda que faga. Europa pode saír airosa deste desafío, actuando de forma coordinada coas realidades políticas e institucionais máis próximas á súa poboación.

Hoxe, as asembleas legislativas rexionais representan o máis dinámico viveiro para conseguir que Europa sexa máis sensible ás necesidades da súa cidadanía. Ao seren asembleas electas, teñen lexitimidade directa; polas súas funcións, son capaces de comunicar as necesidades da súa cidadanía de forma máis eficaz aos que dirixen a Comunidade. Profundamente arraigados na sociedade civil, os parlamentos rexionais representan unha realidade familiar e tanxible para a súa cidadanía. No marco do sistema de gobernanza multinivel da Unión Europea, representan un vínculo crucial de conexión entre os líderes institucionais e políticos e a vida diaria da cidadanía.



CONSIGLIO REGIONALE



PRESIDENCY 2011

Neste momento, esta realidade específica reflicte a metade da poboación europea. Non obstante, a transferencia de competencias legislativas aos niveis rexionais emprendida por unha serie de estados membros da Unión Europea pon de manifesto que esta realidade aumentará nun futuro próximo.

Xunto cos parlamentos nacionais e o Parlamento europeo, as asembleas rexionais representan unha ferramenta absolutamente necesaria no proceso, *in fieri*, de «construción europea», que ten que realizarse seguindo o principio de cooperación interparlamentaria.

Segundo a cidadanía europea, as institucións europeas son inaccesibles, debido ao seu complexo sistema organizativo. Profundamente arraigados na sociedade civil, os parlamentos rexionais representan unha realidade familiar e tanxible para a súa cidadanía.

Unha Europa máis forte necesita rexións máis fortes e parlamentos rexionais máis fortes.

As asembleas legislativas rexionais necesitan a Europa, do mesmo xeito que Europa as necesita a elas. Por unha parte, os parlamentos rexionais fan posible que a Unión Europea estea máis preto da súa cidadanía, difundindo as súas políticas e adaptándoas á especificidade rexional; por outra banda, as rexións necesitan a Europa para superar os grandes desafíos do futuro, tales como o cambio climático, a subministración enerxética, o desenvolvemento demográfico e a globalización.

De conformidade co espírito que promoveu as actividades da CALRE desde 1997 ata agora, os presidentes e as presidentas da CALRE confirman a súa vontade de cooperar cos demais e cos niveis de gobernanza superiores para construír unha Europa máis forte, cunha base máis sólida, máis próxima á súa cidadanía e máis próxima ás súas necesidades. Solicitan un papel máis audaz na elaboración das políticas e estratexias europeas naqueles ámbitos da súa competencia.

ANEXO Á DECLARACIÓN DE ÁQUILA

A CALRE e a representación de xénero nos parlamentos rexionais

A igualdade entre homes e mulleres é un dereito fundamental, un valor común da Unión Europea e unha condición necesaria para acadar os obxectivos europeos en materia de desenvolvemento, emprego e cohesión social.

A Estratexia para a igualdade entre mulleres e homes constitúe o programa de traballo da Comisión Europea en igualdade de xénero para o período 2010-2015. O compromiso da Comisión consiste en promover a igualdade entre sexos en todas as súas políticas para as seguintes prioridades temáticas: independencia económica igualitaria para mulleres e homes; igual salario para o mesmo traballo; igualdade no proceso de toma de decisións; dignidade, integridade e fin da violencia contra as mulleres; promoción da igualdade de xénero fóra das fronteiras da Unión Europea e asuntos horizontais (roles establecidos en función do sexo, instrumentos reguladores e gobernamentais).

A promoción dunha participación equitativa de mulleres e homes no proceso de toma de decisións, así como na política económica, é unha das cinco prioridades da Carta das mulleres, adoptada pola Comisión Europea o 5 de marzo de 2010.

Na Resolución do Parlamento europeo do 8 de marzo de 2011, o Parlamento europeo fai fincapé no feito de que os estados membros fixen obxectivos vinculantes con base lexislativa para garantir a representación igualitaria das mulleres en postos de responsabilidade, ofrecendo unha opinión positiva sobre o uso de cotas para promover a representación das mulleres.

Os presidentes e as presidentas da CALRE consideran que os parlamentos rexionais deberían representar un papel significativo no que respecta á eliminación de obstáculos para acadar unha igualdade total entre xéneros na vida social, económica e cultural, e promover así un acceso equitativo á función electiva.

Para tal fin, cren que é esencial promover un diálogo común estruturado para iniciar o estudo e a acción coordinada nas lexislacións rexionais, en primeiro lugar en asuntos electorais, co fin de protexer, promover e garantir o equilibrio de representación e conseguir unha verdadeira igualdade.

Os presidentes e as presidentas da CALRE comprométense a profundar na reflexión sobre a representación de xénero mediante a creación dun foro e dunha plataforma de propostas que poida chegar a constituír un patrimonio común e un instrumento valioso para afrontar esta necesidade de participación ao aproveitar o compromiso de reforma de todos os parlamentos rexionais europeos dotados de poderes lexislativos.